



NOTA INFORMATIVA SOBRE O RESTABLECIMENTO DA VACINACIÓN CON dTpa e Td :

dTpa: difteria, tétano e tose ferina acelular de baixa carga antixénica

Td: tétano - difteria, tipo adulto

A subministración destas vacinas fronte á difteria - tétano - tose ferina (dTpa) e tétano - difteria (Td) restablécese na nosa comunidade a partir do vindeiro **2 de maio**. Desta forma, normalízase o seu uso e restablécese a súa administración nas seguintes indicacións:

I . Vacinación con dTpa:

- **Na muller embarazada** entre as semanas 28 e 36 da xestación, con preferencia na semana 32. Esta vacinación continuará como ata agora e segue sendo prioritaria dada a gravidade da tose ferina nos lactantes.

- **No calendario de vacinación infantil:**

- Vacinaranse as/os nenas/os nadas/os segundo vaian cumprindo os 6 anos.

- Administrarase a todas/os as/os nenas/os que cumpriron 6 anos e non a recibiron con anterioridade:

- Nadas/os no ano 2011 que neste ano 2017 xa cumpriron os 6 anos de idade
- Nadas/os que cumpriron 6 anos durante os anos 2015 e 2016 (cohortes de nacemento anos 2009 e 2010) e que non recibiron esta dose de recordo aos 6 anos

Acudirán ao seu centro de saúde para recibir a vacina unha vez solicitada a cita para a vacinación, de acordo cos procedementos habituais de cada centro.



II. Vacinación con Td (vacina fronte ao tétano e difteria tipo adulto):

Restablecese a subministración normal da vacina fronte ao tétano e difteria, tanto para o seu uso como parte do calendario de vacinación infantil coa administración da dose aos 14 anos de idade e para completar ou iniciar pautas de persoas non vacinadas con anterioridade.

- **No calendario de vacinación infantil:**

Administrarase aos 14 anos a dose de recordo coa vacina Td.

- **En adultos:**

Débase valorar o risco individual de tétano, así como o estado de vacinación previo en base ás seguintes consideracións:

- O número de casos nos últimos anos é baixo e preséntanse fundamentalmente en adultos > de 64 anos e mulleres.
- A vacinación fronte á difteria, tétano e tose ferina iniciouse no noso país no ano 1965, con baixas coberturas, e o primeiro calendario na nosa comunidade é no ano 1981.
- En Galicia levouse a cabo unha campaña extraordinaria de vacinación fronte ao tétano "CORTA CO TÉTANO" no ano 1983 para toda a poboación
- Ata o ano 2009 recomendábase a vacinación de recordo cada 10 anos. Dende entón recoméndase a administración dunha única dose de recordo arredor dos 65 anos nos vacinados correctamente na infancia.
- As enquisas de seroprevalencia amosan unha inmunidade boa, especialmente dende o inicio do calendario.
- Esta vacina utilízase/utilizouse habitualmente nos servizos de riscos laborais.



- A maioría dos homes nados antes de 1983, é dicir maiores de 34 anos, foron vacinados no servizo militar obrigatorio.
- Segundo os últimos estudos, se recibiron algunha dose dunha vacina conxugada con toxoide tetánico, xérase unha resposta serolóxica boa, similar á dunha dose de recordo.

Tras esa valoración:

- En ADULTOS sen historial de vacinación:

NON INICIAR NIN CONTINUAR A PAUTA DE VACINACIÓN nos seguintes casos: homes < 60 anos e mulleres < 50 anos nadas no noso país, que non dispoñan de carné de vacinación ou outro rexistro, pero que sexan conscientes de ter recibido as vacinas correspondentes, que estivesen escolarizados, que recorden ter recibido algunha dose con compoñente tetánico con anterioridade, ou lembren ter sufrido unha reacción local tras algunha vacina.

Se, tras a valoración, existen criterios para **iniciar a PRIMOVACINACIÓN** recoméndase seguir a pauta: 0/ 1 / 6 meses. Con posterioridade administraranse 2 doses de recordo cun intervalo entre 1 e 10 anos entre doses ata completar un total de 5 doses.

- En ADULTOS CON **PRIMOVACINACIÓN INCOMPLETA**, en ningún caso se debe reiniciar a pauta de vacinación. **Contabilizarase calquera dose administrada** previamente e completarse a pauta.

Interrómpese a pauta se se presenta unha reacción local importante a calquera dose de Td.

- En ADULTOS **VACINADOS CORRECTAMENTE NA INFANCIA SEGUNDO O CALENDARIO**, recoméndase a administración dunha **única dose de recordo arredor dos 65 anos**.



Profilaxe postexposición ante feridas potencialmente tetanixenas

Na abordaxe da profilaxe do tétano ante feridas, deben considerarse tanto as características da ferida como os antecedentes de vacinación (táboa resumo na seguinte páxina).

Ante feridas tetanixenas moi contaminadas (feridas de alto risco) é importante ter en conta a cinética da resposta inmunolóxica tras unha dose de vacina fronte ao tétano. O tempo medio de resposta ao toxoide tetánico son 7 días, aínda que a resposta foi detectada 4 días tras a administración da vacina. O nivel máximo de resposta adoita acadarse 14 días tras a súa recepción. Por isto, a vacina administrada no momento da ferida pode non reforzar a inmunidade de forma suficientemente rápida como para protexer durante o período de incubación do tétano. Por este motivo, a vacinación fronte ao tétano non se considera suficiente para tratar unha ferida potencialmente tetanixena de alto risco, aínda que consegue elevar os niveis de anticorpos para ocasións posteriores. Nestes casos, haberá que administrar inmunoglobulina para a protección de forma inmediata, independentemente da historia de vacinación.

Nos procedementos cirúrxicos estériles seguirase a mesma pauta de vacinación que para as feridas limpas.

Nas intervencións cirúrxicas con risco de contaminación exóxena, endóxena e intervencións non estériles seguiranse os mesmos criterios e pautas de actuación que nas feridas tetanixenas.



Antecedentes de vacunación	Ferida limpa		Ferida potencialmente tetanixena ¹	
	Vacina (Td)	IGT ^{a,b}	Vacina (Td)	IGT ^{a,b}
<3 doses ou descoñecida	SI (completar primovacación)	NON	SI (completar primovacación)	SI
3 ou 4 doses	NON (se hai máis de 10 anos desde a última dose, administrar unha dose)	NON	NON (se hai máis de 5 anos desde a última dose, administrar unha dose)	NON ²
5 ou máis doses	NON	NON	NON (se hai máis de 10 anos da última dose, valorar a administración dunha única dose adicional en función do tipo de ferida)	NON ²

^aEn caso de **inmunodeprimidos e persoas que se inxectan drogas**, administrárase unha dose de inmunoglobulina ante feridas potencialmente tetanixenas, independentemente do estado de vacunación.

^bIGT: inmunoglobulina antitetánica. Administrárase en lugar separado da vacina. En xeral adminístranse 250 UI. Se transcorren máis de 24 horas, en persoas con máis de 90 kg de peso, en feridas con alto risco de contaminación ou en caso de queimaduras, fracturas ou feridas infectadas, administrárase unha dose de 500 UI.

¹**Feridas potencialmente tetanixenas:** feridas ou queimaduras cun importante grao de tecido desvitalizado, ferida punzante (particularmente onde houbo contacto co chan ou esterco), contaminadas con corpo estrano, lesións cutáneas ulceradas crónicas (especialmente en diabéticos), fracturas con ferida, mordeduras, conxelación, aquelas que requiran intervención cirúrxica e que esta se atrasa máis de 6 horas, e aquelas que se presenten en pacientes que teñen sepsis.

²Aquelas feridas potencialmente tetanixenas contaminadas con gran cantidade de material que pode conter esporas e/o que presente grandes zonas de tecido desvitalizado (feridas de alto risco), recibirán unha dose de inmunoglobulina.

Para máis información pódese consultar a instrución de vacunación fronte ao tétano en:

http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/281/Instruci%3%b3n%20Vacinaci%3%b3n%20fronte%20ao%20t%3%a9tano_abril%202009.pdf

IMPORTANTE:

- **As vacinas deben administrarse seguindo as indicacións e pautas do Programa galego de vacunación.**
- **Todas as vacinas administradas deben ser rexistradas**



VACINAS DISPOÑIBLES:

O Programa galego de vacinación adquiriu e subministrará aos puntos de vacinación as seguintes vacinas:

Vacina dTpa:

Segue utilizándose a mesma vacina

- **BOOSTRIX®**, de GSK




Vacinas Td:

Para adquirir o número de doses suficientes para normalizar a subministración desta vacina foi necesario adquirir doses con tres nomes comerciais diferentes que se distribuirán ao longo do tempo na seguinte orde:

- **“Tetanus and Diphtheria Toxoids Adsorbed”**: esta vacina é do laboratorio MassBiologics e está distribuída por Grifols. Foi adquirida por medicación estranxeira

Presentación: Viais individuais en caixas de 10 doses.

Administración: vía IM






- **Imovax dT®**: esta vacina é do laboratorio Sanofi Aventis (medicación estranxeira), ten a mesma composición e características que Diftavax.

Presentación: Xiringa precargada.

Administración: vía IM



- **Vacina Diftavax®**

Presentación: Xiringa precargada.

Administración: vía IM



Para máis información, poden consultar as fichas técnicas dos produtos a través de <http://www.sergas.es/Saude-publica/Fichas-técnicas-vacinas>

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2017

O director xeral de Saúde Pública



Andrés Paz-Ares Rodríguez